



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

35.-REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NA PRAZA DO CONCELLO, RÚAS CRUCEIRO E CURROS ENRÍQUEZ E SOLAR TRAS CASA CONSISTORIAL.-

PUBLICACIÓNS:

Creación, BOP. 19/07/2008

“Acordo regulador dos prezos públicos do aparcadoiro da Praza do Concello.

Capítulo I

Normas xerais.-

Artigo 1.-Natureza e fixación

1.-As tarifas que percibirá o concesionario pola prestación do servizo en calquera das súas modalidades terán a condición de prezos públicos, conforme co establecido na lexislación reguladora das facendas locais

2.-A súa fixación correspóndelle ó pleno mediante este acordo regulador.

3.-No suposto de que se queiran introducir novas tarifas non previstas neste acordo regulador ou sexa necesario modificar ou actualizar as xa existentes, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme cos artigos 47 do RD legislativo 2/2004, polo que aproba o texto refundido das facendas locais, e 23.2 b) da Lei 7/ 85, 2 de abril, o establecemento da tarifa ou a actualización desta, a proposta do concesionario ou do servizo técnico correspondente co informe do interventor municipal.

Artigo 2.- Tarifas especiais.

A Xunta de Goberno do Concello poderá fixar tarifas especiais por razóns de índole beneficio - social, a favor daqueles suxeitos en que concorran circunstancias que así o xustifiquen.

Cando o establecemento de tarifas especiais implique unha alteración do equilibrio económico e financeiro que rexe a concesión, acordarase a oportuna subvención compensatoria a favor ao concesionario.

Artigo 3.- Revisión e modificación de tarifas.

1.- A revisión ordinaria de tarifas terá lugar nos termos establecidos no prego de cláusulas que rexa a concesión.

2.- Con independencia diso, as tarifas poderán ser obxecto de modificación por razóns de interese público, sen prexuízo do dereito do concesionario ó mantemento do equilibrio financeiro da concesión, se é o caso.

Artigo 4.- Obriga de pagamento.

A obriga de pagar a tarifa nace dende que se inicia a prestación do servizo.

Nos supostos de cesión permanente ou temporal, aboarase a tarifa completa ó inicio da prestación, sen prexuízo do que libremente pacten a concesionaria e os usuarios.

No réxime de rotación horaria, procederase ó pagamento con anterioridade á retirada do vehículo e como requisito para efectuar á retirada.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Artigo 5.-Vía de constrinximento.

As débedas dos usuarios coa concesionaria correspondentes ás tarifas pola prestación do servizo poderán esixirse pola vía de constrinximento conforme co establecido no artigo 23.f) do Regulamento do servizo

Capítulo II

Cadro de tarifas.

Artigo 6.- Tarifas por cesión permanente.

A tarifa por cesión permanente establécese en vinte mil euros (20.000€) por cada praza e polo período de duración da concesión ((máxima 50 anos).

Artigo 7.- Tarifas de rotación horaria.

As tarifas por cesión temporal

Abono mensual: 50 €.

Abono mensual diúrno: 25 €

Abono mensual nocturno: 25 €.

Artigo 8.- Tarifas de rotación horaria.

As tarifas de rotación horaria serán as seguintes:

Dende o primeiro minuto ata o minuto trinta, ambos incluídos: 0.03 € por minuto de ocupación efectiva.

Dende o minuto trinta e un en adiante: 0:015€ por minuto de ocupación efectiva.

A concesionaria poderá establecer unha tarifa bonificada para o caso de usuarios que requiran un uso frecuente do aparcadoiro e horas irregulares, non susceptibles de cesión temporal, para o cal poderanse expedir recibos ou abonos por un determinado período de tempo, que se vaia gastando o tempo de ocupación a que dá dereito; en calquera caso, as tarifas que estableza o concesionario por este método deberán ser inferiores ás establecidas para o réxime xeral de rotación horaria. Será necesario que se comuniquen as ditas tarifas á Xunta de Goberno Local para que se proceda á súa aprobación e posterior publicación no BOP.

2.Cando o usuario extraviara o ticket acreditativo do tempo de ocupación efectiva en réxime de rotación horaria, deberá satisfacer como mínimo o importe equivalente a 24 horas da tarifa de rotación horaria, se prexuízo de que se demostra que o tempo de servizo gozado foi maior se lle cobre o importe resultante de aplicar estas tarifas.

3. A Concesionaria poderá chegar a acordos con entidades ou persoas que realicen actividades de carácter comercial ou que pretendan adquirir tarxetas de uso bonificado do aparcadoiro por horas, para a súa distribución ós seus clientes, vinculada a campañas promocionais de todo tipo, ou ós seus empregados, en virtude das clases, e a partir da adquisición conxunta dun certo número de tarxetas válidas por unha por de aparcadoiro, se aplicará unha tarifa única por cada talonario de recibos de desconto dunha hora, que será aprobada pola Xunta de Goberno Local (previa petición do concesionario) e posteriormente publicada no BOP.

Artigo 9.- Cadro de tarifas.

1.- As tarifas sinaladas neste Capítulo II enténdese sempre con inclusión do IVE e de todos os tributos ou impostos que teña que repercutir o concesionario nos usuarios.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

2.- O cadro de tarifas vixentes estará permanentemente exposto ao público no aparcadoiro, de xeito que sexa perfectamente visible.

3.- O cadro de tarifas exposto especificará os importes que correspondan á repercusión do IVE.

Disposición final.-

Entrada en vigor. Este acordo regulador entrará en vigor unha vez que se publique o acordo definitivo de aprobación ou o inicial elevado automaticamente a definitivo, se é o caso, xunto co seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia. Contra este acordo poderase interpoñer recurso contenciosoadministrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio